Preescolar na Casa: historia dunha atinada intuición

Celia Armesto, Fundación Preescolar na Casa, correo@preescolarnacasa.org

No presente artigo realízase un percorrido por unha parte da historia educativa de Galicia, da man das accións desenvoltas por Preescolar na Casa (PnC). Trátase dunha intervención educativa orixinal e pioneira que, durante os seus máis de 30 anos de existencia, soubo adaptarse ás necesidades sociais que ían agromando, de aí que hoxe teña tanta ou máis vixencia que cando principiou. Os valores que sustentan a súa acción serven de marco para amosar un progreso, sempre baixo a premisa de axuda ás familias no seu rol de pais e nais, a fin de que exerzan a súa *parentalidade* de forma positiva.

Palabras clave: Infancia, cultura, parentalidade positiva, compromiso.

No inverno de 1977 botaba a andar un proxecto inédito de educación destinado á Galicia rural. Un plan que partía dunha intuición que o tempo se encargaría de confirmar: a capacitación das nais e dos pais para acompañar os fillos e fillas é a mellor forma de contribuír ao seu desenvolvemento. Pouco se sabía daquela que España e Galicia formarían parte da Unión Europea. Nin tampouco que do seu Comité de Ministros emanaría, no ano 2006, un informe de recomendacións sobre como os estados membros deben prestar apoio aos proxenitores, no interese superior do neno. Estes consellos deseñáronse co fin de lograr que se recoñecese a importancia das responsabilidades parentais e a necesidade de proporcionar o apoio preciso para axudalos a cumprir coas súas responsabilidades. Verifícase entón, que aquela intuición expresada nunha práctica concreta, estaba no certo. Novas teorías pedagóxicas e políticas familiares e educativas así o aboan.

Había un saber implícito, un saber facer, que a experiencia e o tempo tornaron explícitos e que o colectivo de PnC sempre tivo interese en mostrar e compartir. De sempre, houbo vontade de contribuír a instaurar na sociedade unha cultura da infancia. A decisión que posibilitou a creación do primeiro espazo educativo, coa presenza inescusable dos pais como principais artífices da educación dos seus fillos, foi mudando nunha evidencia, e tamén nunha reivindicación, que se manifesta na alta concorrencia e agrado amosados polos proxenitores dos 88.598 nenos e nenas que tomaron parte desde aquel afastado 1977.

A magnitude que adquire este proxecto posto en marcha por Cáritas de Galicia, impulsa a creación, en maio de 2001 da agora chamada Fundación Preescolar na Casa. Esta organización galega sen ánimo de lucro ten como obxecto difundir unha cultura da nenez e reforzar a competencia educativa familiar, promovendo espazos educativos nos que se acompaña a familia na aventura de medrar e no desafío de educar.

Os valores que sustentan Preescolar na Casa

Paso a paso, aldea a aldea, rapaz a rapaz, nun percorrido de case de 80.000 quilómetros cada ano, Preescolar na Casa foi testemuña do progreso da educación, da infancia e da familia na Comunidade Autónoma de Galicia, dende uns valores que seguen perdurando na actualidade:

O compromiso coa educación, a cultura e o saber

"Os pobos que coidan e aloumiñan a infancia son os pobos que avanzan"
(dito popular)

O proxecto iníciase en catro localidades da provincia de Lugo e serán tamén catro os primeiros grupos de pais en adherirse a un compromiso que sempre apostou polo avance dos pobos. Co pretexto de formarse para axudar os fillos, analizan outras inquietudes como homes e mulleres pertencentes á sociedade rural galega do franquismo tardío. As reunións eran semanais, unicamente para pais, e tamén se elaboraba material didáctico axeitado para os rapaces. O programa refórzase con tres mestres que nomea o Ministerio de Educación en comisión de servizos e con dedicación plena. A partir dese mesmo momento, o plan non pararía de estenderse a familias, profesionais, servizos e medios.

Xunto ás familias, Preescolar na Casa asistiu en primeira liña á mudanza que viñemos experimentando. A Galicia rural dos últimos anos do século pasado, na que o sector primario (agricultura e gandería) era o máis destacado, vai deixando paso á industria e os servizos gañan terreo, mesmo para os pais e nais que viven nas aldeas, cada vez con menos xente. Fomos testemuñas de como o interior de Lugo e Ourense perdían habitantes e envellecían a beneficio das vilas, e das franxas costeiras da Coruña e Pontevedra. Estas mudanzas modificaban o perfil das familias participantes: aumentaba a porcentaxe de poboación con estudos medios e superiores, principalmente as nais, que hoxe son as máis formadas, dato importante se consideramos que son elas as que se ocupan, sobre todo, da educación dos fillos e fillas.

Tamén asistimos ao retraso na maternidade (aumentan os pais e nais entre 36 e 45 anos) e á incorporación da muller ao mercado laboral. As nais deixan de poñer a cruz na casiña do sector non produtivo para situala principalmente no sector servizos. En dez anos pasamos do 73.6% que declaraba non ter ocupación remunerada, ao 39% actual. A estrutura pluricelular das familias galegas, onde conviven varias xeracións e o coidado dos nenos recae en distintas persoas, vai dando paso a outro modelo, no que os proxenitores viven sós (hai 10 anos facíao unicamente o 29% fronte ao 75% de agora).

Poderiamos ter extraído estes datos de calquera estudo sociolóxico sobre Galicia e non mudarían moito dos que aquí se apuntan. Pero, neste caso, corresponden aos homes e mulleres que deron e dan sentido ás accións que se desenvolveron desde Preescolar na Casa, e obrigan a que determinemos os servizos conforme ao novo contexto:

- De traballar no rural con grupos de pais, a facelo con familias soas, o que implica un aumento de desprazamentos para poder atender aquelas que se achan cada vez máis illadas.
- De realizar o noso labor en casas particulares, a xuntanzas con varias familias, o que leva consigo buscar a colaboración dos servizos públicos para poder organizar espazos que as acollan.
- De dirixir a orientación pedagóxica a nais, a incluír entre os destinatarios a avoas e coidadoras (a educación fica adoito baixo a responsabilidade das mulleres) e elaborar materiais que poidan ler os pais ao chegar á casa. Tamén abordar a importancia da participación dos homes na educación dos fillos.
- De ser un programa compensatorio da etapa de preescolar para nenos de 3 a 6 anos, a traballar desde 1990 con familias de pequenos entre os 0 e os 3 anos, coas implicacións organizativas e metodolóxicas que isto comporta.
- De ter como referencia un deseño curricular establecido, a ter que producir un propio que se axuste á realidade do noso día a día. Isto levaríanos a definir, no ano 2003, o Deseño Marco, que recolle a modo de estándares o que as familias deben coñecer para comprender os seus fillos e intervir de forma axeitada.
- De chamar Preescolar na Casa a todas as accións da Fundación, a definir novos servizos que se axustan ás necesidades dos destinatarios.

Hoxe diferenciamos os espazos destinados aos pais e nais en función das idades dos fillos e quedan agrupados segundo os programas que se desenvolven neles:

Espazos das familias. Un bo comezo

"Adquires máis ferramentas para poder levar a termo a empresa máis difícil da nosa vida: educar un fillo, unha filla de maneira satisfactoria"
(Unha nai)

Complemento educativo aos cursos de preparación para o parto que axuda a pensar no proxecto educativo para ese bebé que vai chegar e permite paliar dúbidas, medos, inquedanzas, tomar conciencia da nova realidade que se está experimentando e animar á implicación do pai dende o primeiro momento.

Espazos das familias. Primeiros descubrimentos

"Unha visión más ampla respecto á educación do meu fillo, descubrín aspectos diferentes. Desprogrameime para reiniciarme dun modo diferente"
(Unha nai)

Espazos dirixidos especificamente a familias con nenos no seu primeiro ano de vida, nos que se facilita a observación do bebé en distintas circunstancias de exploración e xogos, coñecendo as súas necesidades e fortalecendo o papel da familia.

Espazos das familias. Xuntos para medrar

"Un pequeno oasis. Un tempiño diferente, natural pensado para aprender e gozar e, en galego!"
(Unha nai)

Área para reforzar a confianza como educadores, incrementar coñecementos e mellorar prácticas de crianza. Dos catro grupos de pais cos que empezamos na provincia de Lugo, pasamos a unha media de 700 espazos das familias cada curso. As manifestacións sobre a utilidade do servizo constitúen a mellor verificación de que cumpre unha función importante na educación das familias galegas:

- " Compartes dúbidas, escoitas diferentes opinións, adquires pautas para educar os fillos".
- "Axudoume a crecer como nai"
- "Podes interactuar co teu fillo e con outros nenos e pais nun ambiente distendido e ameno"
- "Un lugar onde se poden resolver as dúbidas que se nos presentan como nais"

Os seguintes datos pertencen a valoracións feitas polas familias. Velaquí os que máis aprecian:

Reflexionar sobre actitudes e comportamentos educativos axeitados (87,2%); resolver as dúbidas respecto á educación do seu fillo/a (83%); enriquecemento persoal (78,4%); ser máis paciente e tolerante co seu fillo/a (74,5%); estar máis capacitado/a para educar (70,9%).

Promover na sociedade unha cultura da nenez

Nese empeño por divulgar a importancia de educar, mesmo desde antes de nacer, búscase a colaboración dos medios de comunicación. E, pouco a pouco, van aparecendo:

Os progamas de radio
En xaneiro de 1982 comeza un espazo en Radio Nacional de España en Galicia para familias con nenos menores de 6 anos. En outubro de 1986 principia outro, tamén en Radio Nacional de España en Galicia, dirixido a familias con cativos de 0 a 3 anos. As ditas retransmisións acabarían unificándose nunha única que estivo en antena, unha media de 35 programas cada curso, ata que Radio Nacional en Galicia reduciu a emisión propia, en outubro de 2006. Nese momento pasa á Radio Galega, na que permanece actualmente, www.crtv.es (radio á carta). A este bloque radiofónico súmanse varias emisoras locais: Cadena Ser Monforte/Vilalba, Radio Quiroga, colaboración semanal nas emisoras locais de Radio Melide, Arzúa e Foz. Así mesmo, desde novembro de 2007, ponse en antena un novo espazo educativo a través da rede de emisoras municipais Radiofusión Emuga, onde xa se retransmitiron a día de hoxe, 199 espazos.

O programa de televisión
En outubro de 1990 ponse en marcha o noso programa na Televisión de Galicia, www.crtv.es (televisión á carta), que se mantén ata agora, sendo o de maior permanencia na historia desta canle. No momento de escribir estas liñas estase a emitir o n.º 632. O labor de difusión deste medio non ten parangón. Máis de 400 entrevistados falaron do feito educativo e mais de 4000 familias participaron nas múltiples reportaxes ofrecidas.

A revista
A aparición da revista de *Preescolar na Casa* vai case á par do establecemento dos primeiros grupos de pais. En outubro de 1979 elabórase o número inicial con orientacións educativas, comentarios, suxestións, contos, achegas das propias familias... Desde aquela, segue publicándose con carácter bimensual. Cunha tiraxe de 5600 exemplares, distribúese de balde entre as familias que participan e demais persoas interesadas.

As publicacións temáticas
Edítanse coa finalidade de servir de apoio á orientación educativa. Os primeiros folletos dirixidos á formación de pais aparecen no 1983, son: *O xogo e o xoguete*, *A cantar* e *O debuxo do neno*. Cos anos van saíndo novos títulos adaptados ás circunstancias de cada etapa, como *Atención Temperá* (Serie de 8 cadernos), *Os accidentes infantís*, *Convivir coa televisión*, *O neno e a nena de tres anos*, *Avanzamos xuntos: desenvolvemento integral dos nenos de 0-2 anos*, *Actividades para unha estimulación axeitada*, *A viaxe á vida en nove meses*, ou *Aventura de crecer, desafío de educar*. Xunto ás publicacións dirixidas ás familias como apoio educativo da intervención directa, edítanse outros materiais de carácter máis científico sobre o programa ou a educación en xeral. Velaquí: *Informe de Avaliación*, *Preescolar na Casa: Unha utopía realizable*, *Preescolar na Casa. Formación de pais en Educación Infantil*, *Medrando na Comunidade* e *Conversas Educativas*.

As xornadas
No mes de setembro de 1989 celébranse en Lugo as 1.ª Xornadas Estatais de Familia Rural e Educación Infantil, organizadas por PnC, co obxecto de poñer en común e cotexar distintas experiencias de educación infantil de toda España. Oito anos despois ten lugar o II Congreso de Educación Infantil Familiar, no que interveñen programas e persoas de diversos países. Tratábase de debater sobre o papel da educación no futuro da sociedade e da persoa, afondar na importancia dos primeiros anos e no papel da familia na educación. Do 2004 ao 2007 organízanse dous seminarios coa participación do Instituto das Comunidades Educativas de Portugal e a Asociación ACEPP (Association des Collectifs, Enfants, Parents, Professionels) de Francia, analizando e buscando respostas para a sociedade rural. No encontro final tomaron parte en Biarritz (Francia) familias e profesionais das tres nacionalidades. O labor de difusión dunha cultura da infancia, complétase coa asistencia e colaboración en eventos nacionais e internacionais.

Respecto polo propio

Pola lingua, pola cultura, a tradición, os valores do pobo, porque é desde o respecto desde onde se constrúe e se avanza como país. Así pensabamos entón, cando había que subir a autoestima das xentes do rural galego por medio dun servizo educativo que falaba e sentía no mesmo idioma ca eles, e así pensamos agora. Empregamos o galego cando non era doado facelo e, seguímolo empregando como forma inequívoca de valoración, extensión e fomento da cultura e do idioma propios.

Este noso convencemento e decidido apoio á lingua e cultura galega foi recoñecido con varias distincións:

- No mes de maio de 1984, o Premio da Crítica Galega a Iniciativas Culturais outorgado en Vigo polo círculo Ourensán Vigués "Ao esforzo continuado de profesionais pola formación dos pais e do resto do mundo rural na formación integral do neno, labor que foi desenvolvido totalmente en lingua galega xa desde épocas conflitivas".
- En 1995, o Premio Moncho Valcarce pola "Promoción da Terra".
- En decembro de 2006 o colectivo O Brado (A Estrada, Pontevedra) distingue a Fundación Preescolar na Casa co Premio San Martiño pola súa traxectoria na defensa da lingua galega.
- O apoio continuado da Administración autonómica en materia de Política Lingüística.

A Fundación é testemuña de como o exercicio de naturalidade na utilización da lingua, fai que esta se insira en sectores onde non é maioritaria. As familias que participan no servizo de Orientación contestan nun 90% en galego nas enquisas de satisfacción. Ponse de manifesto que un uso diario como medio de comunicación é a mellor maneira de normalizalo e valoralo.

Compromiso coa mellora continua

Nada sería posible sen este valor. O empeño por dar unha resposta axeitada a cada necesidade fixo que os servizos se fosen modificando, sempre con base no feito de cuestionarse, na reflexión continua da tarefa educativa que tiñamos entre mans. "O traballo ben feito será o que nos lexitime ante a sociedade" foi a nosa consigna.

A resposta a moitas interrogantes levou a que as actuacións de Preescolar na Casa se encadrasen no marco da anticipación, da innovación e na busca dunha mellora permanente. Así, ao comezo do programa, alá polo 1978, a anécdota de que circunstancialmente algún pai viñese á reunión co fillo conduciu a que nos cuestionásemos se era conveniente que os nenos estivesen cos grupos de pais, cando traballabamos con eles. De non ter estudado a fondo este tema, agora non existiría un espazo educativo no que se atenden á vez as necesidades dos pais e dos rapaces. E, precisamente, este tempo educativo compartido foi pioneiro na época, e en anos vindeiros converteuse en modelo de actuación para outras experiencias educativas do Estado.

A principios dos 80, moitos anos antes de que a lexislación recoñecese o período 0-3 como educativo, preguntámonos que pasaría se nos achegásemos a estes cativos, dado que a investigación psicolóxica e pedagóxica subliñaban a importancia dunha atención temperá. O resultado foi a presentación dunha proposta ao Ministerio de Asuntos Sociais, que foi aceptada e que permitiu contratar máis persoal e comezar a traballar neste tramo da nenez.

As ansias por divulgar a cultura da infancia, levounos a iniciar, no 1982 un programa semanal en Radio Nacional de España en Galicia, ao que seguiría outro na televisión galega en 1990. De igual modo que o desexo de mellorar a xestión da entidade nos impulsaría a implantar un sistema de xestión da calidade para o "deseño e desenvolvemento de programas de formación de pais en educación infantil. A prestación de servizos de orientación e difusión", de acordo coa Norma ISO 9001:2000 certificado por AENOR no ano 2007. Así, a Fundación Preescolar na Casa sería a primeira ONG, xunto a outras 10 entidades do mesmo carácter, en ter lexitimado un sistema de xestión.

A este círculo de mellora continua hai que engadir a recente consecución do "Selo de Compromiso cara á Excelencia Europea 200+ polo seu sistema de xestión, seguindo os criterios do modelo EFQM de Excelencia (Fundación Europea para a Xestión de Calidade)", que vén reforzar e avalar o traballo realizado. Este selo de calidade unicamente o posúen 13 entidades galegas, entre as que se atopa a Fundación Preescolar na Casa.

Pero é nos profesionais, nos máis de 200 mestres e mestras, onde este compromiso é máis visible. Todas elas (tamén aquí hai máis mulleres que homes) son persoas que teñen o don de achegarse á xente e alimentar nela a necesidade que xa sentía: prepararse para exercer a maternidade e paternidade de forma responsable, organizar toda unha armazón educativa que navega contracorrente, ao pedir que sexan os pais os que participen acompañando os seus fillos e fillas nunha época na que é difícil encontrar espazos de coincidencia.

Esta ten sido unha constante de PnC. Coa chegada de novos profesores ía aumentando a cantidade e a calidade dos servizos. Así, aos tres mestres iniciais, sumábanse ao ano seguinte oito máis, o que permitiría a expansión a outras localidades e un reforzo na elaboración de materiais, revista e folletos informativos, programas de radio e televisión, etc. No curso 1983-84 contaba xa con dezaoito funcionarios en comisión de servizo, e dúas persoas contratadas que dous anos despois se converterían en vinte e un, e tres, respectivamente. Daquela comézanse a producir materiais para a formación de pais de nenos de 0 a 3 anos. En 1986-87, conséguese a maior dotación de cadro de persoal con 22, ademais de 5 contratados e 4 voluntarios. Principia entón o programa de radio dirixido ás familias con nenos de 0 a 3 anos.

No curso 1990-91 nace formalmente o programa de 0 a 3 anos, co amparo económico da Administración estatal, que se mantén arestora e que supuxo a contratación de dez docentes para aumentar os espazos familiares. A partir dese momento chegariamos a máis xente a través doutro medio: a televisión. Tamén a esta altura se subscribirán os primeiros convenios cos concellos e, en 1994-95 coa Fundación Holandesa Bernard van Leer, esta vez para desenvolver o programa de formación do profesorado. Este concerto propiciaría os intercambios con experiencias similares, nacionais e internacionais. Xa no curso 2002-03, iníciase o traballo en vilas e cidades.

E así, curso a curso, paso a paso e coa mente sempre posta na mellora continua, vanse creando espazos das familias noutras localidades e ábrense novas posibilidades educativas. Na actualidade integran o equipo profesional de Preescolar na Casa, 13 funcionarios en comisión de servizos (reduciuse algunha axuda polo camiño), 53 contratados e 3 voluntarios, que traballan no 83% dos concellos de Galicia (case 4000 familias, que forman parte dalgún dos aproximadamente 700 espazos destinados a elas); ademais de continuar cos medios antes citados.



Todos en PnC exercen o papel de mediadores entre os adultos e os nenos, promoven reflexións educativas sobre estilos e pautas de crianza. Para responder a este quefacer, a Fundación pon unha especial énfase na súa capacitación dedicando horas dentro da xornada laboral a un plan de formación que se axusta ás necesidades derivadas deste peculiar e difícil labor. Plan, que desde o curso 1994-95, se vén desenvolvendo co apoio da Administración educativa e que é valorado polos profesionais cunha satisfacción do 81%, vistas as posibilidades ofertadas para ampliar os seus coñecementos e competencias.

O ambiente que se respira neste colectivo deixa unha fonda pegada, non só nas familias, senón tamén nos profesionais que as orientan. Así o acreditan os que marcharon para incorporarse a outros destinos. Aquí adquiren unha nova perspectiva, cambia o concepto da educación, é como se houbese un antes e un despois. De feito, constatamos que trasladan ao novo posto esta ligazón tan estreita que se xera cos pais e nais, co que tamén contribuímos a mellorar o sistema educativo. En definitiva, Preescolar na Casa é unha escola de aprendizaxe para calquera profesional que traballe no eido da infancia e da familia. Formar parte do seu equipo imprime un estilo de ser e de facer.

Cooperación con outros profesionais

"O programa tiña que pasar a ser obrigatorio para todas as familias e, así, poderiamos previr moitas situacións de dificultade, conflito, desamparo..."
(Unha educadora familiar)

Tantos anos ocupados na educación da infancia e da familia non serían posibles se non se contase coa axuda voluntaria de persoas, que desde o seu ámbito profesional, facilitaban esta tarefa. Hoxe pódese dicir que alí onde hai un espazo da familia funciona unha rede informal de traballadores por un ben común. A colaboración sempre foi un elemento esencial para o aproveitamento dos recursos, o enriquecemento mutuo e a posta en marcha de actuacións conxuntas, realizadas co obxectivo de influír na comunidade, partir dela e avanzar no seu desenvolvemento, en definitiva, co fin de crear unha cultura da infancia e mostrar á sociedade o seu valor.

O traballo en rede con outros especialistas do ámbito social, sanitario e educativo tórnase imprescindible para levar a efecto unha intervención de calidade. Todos os expertos implicados manifestan unha satisfacción do 92,9% coa colaboración levada a cabo e consideran o servizo que se ofrece:

- Útil para a comunidade (95,6%).
- Motivador das familias cara ao emprego do resto dos servizos da comunidade (92%)
- Responde puntual e oportunamente ás demandas feitas (91,2%)
- Importante para a implicación das familias no desenvolvemento e educación de nenos e nenas (89,4%).

Grazas a esta cooperación, pódense executar actividades diversas:

- Charlas informativas
- Escola de familia de Ponteareas (Pontevedra)
- Obradoiros
- Xuntanzas, espazos lúdicos nos que as familias comparten tempos de aprendizaxe e goce
- Saídas, visitas a lugares de interese
- Concertos para bebés
- Teatro para bebés.

Solidaria cos máis desfavorecidos

"A pesar de non poder estar a carón das fillas, polas miñas circunstancias, aprendín a seguir desenvolvendo o rol de pai. Decateime de que eu son unha parte importante nas súas vidas"
(Un pai do Proxecto Home)

A acción de Preescolar na Casa comeza por unha razón de xustiza social: levar a escola a quen non tiña acceso a ela: nenos, nenas e familias do rural galego. Hoxe seguimos achegando un servizo educativo prioritariamente a aquelas familias que, polas súas circunstancias, teñen máis dificultades para participar. Tanto é así, que a mellora da sociedade a través da educación dos individuos segue sendo o motor que impulsa todas as accións da Fundación. Familias en situacións desfavorables comparten sesións de aprendizaxe con outras da máis diversa procedencia. Esta heteroxeneidade de realidades e relacións, achega un valor engadido ao, xa de por si valioso feito educativo. En ocasións organízanse sesións específicas con colectivos en risco social.

As palabras que abren este epígrafe corresponden a un pai participante nun dos diferentes espazos das familias destinados ás procedentes de contextos difíciles que se veñen levando a cabo nos últimos anos:

- Na Penitenciaría de Teixeiro (A Coruña) desenvólvense dous espazos de frecuencia semanal. Nun participaron mulleres embarazadas e nais sen parella no cárcere. O outro grupo integrábano parellas de internos con fillos.
- Na Comunidade Terapéutica Proxecto Home de Cernadas (Val do Dubra) e na Comunidade Urbana de Lugo.
- Colectivo Xitano, en colaboración co Concello de Maceda (Ourense).

Unha acertada intuición

Ofrecer un servizo educativo coa convivencia de pais e nenos durante máis de trinta anos. Recibir curso a curso o apoio da Administración autonómica e estatal para o seu desenvolvemento, non sería posible se non o tivésemos por certeiro: As familias precisan formarse para educar os seus fillos e fillas de modo máis consciente; ao tempo que precisan puntos de encontro, espazos de tempo e xogo compartido.

Por outra banda, existen datos actuais que ratifican a oportunidade e vixencia deste proxecto:

- Cada vez se percibe unha maior preocupación pola educación e por temas relacionados coa infancia. Pero a pesar de que o 74% da sociedade manifesta interese por eles, aínda queda moito para que conciba os nenos como cidadáns de pleno dereito desde o berce.
- As políticas en primeira infancia incrementaron o investimento, con medidas de atención centradas na escolarización dos rapaces desde as primeiras idades, como resposta ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar. Pero resta ben que facer tocante a este asunto de dar voz aos cativos desde que veñen ao mundo, e visibilidade ao rol transcendental da familia arestora.
- Os tempos de crianza non coinciden cos das familias. Isto conduce a que estas deleguen a educación dos fillos noutras persoas e institucións. Son necesarias medidas relativas ao coidado de nenos e nenas, entre elas ter tempo para crialos e espazos para compartir experiencias.
- Os expertos consideran que a formación dos pais é esencial. As familias recoñecen que teñen medo de non educar ben e que non dispoñen de coñecementos dabondo para facelo. Con todo, as actividades formativas dirixidas ás familias non están xeneralizadas e, hai moitas que non senten tal necesidade. Urxe, por conseguinte, unha implantación extensa dos sistemas de formación para unha maternidade e paternidade responsables.
- Nos últimos tempos vense moitos pais e nais preocupados, desorientados e angustiados porque a educación dos fillos se lles vai das mans. As escolas de pais axudan a xestionar os problemas, aínda que non se acode a elas como medida preventiva. É moi difícil manter o compromiso e a asistencia, salvo que se vincule esta formación con actividades de tempo compartido cos fillos, como se ten observado en diversos modelos de intervención.
- A investigación sobre o desenvolvemento infantil nas primeiras idades amosa a importancia das actuacións educativas no seo da familia. É unha das mellores medidas preventivas para o desenvolvemento das persoas e, xa que logo, dunha sociedade sá, responsable e competente.
- A sociedade cada vez é máis esixente na demanda duns servizos que se executen baixo parámetros de calidade. Parámetros entre os que se inclúen os profesionais que os levan a cabo.

Non se trabucaba don Antonio Gandoy, que inculcou en todos os que o acompañaron nesta intuición, o convencemento de que se deben fomentar accións que permitan que nais e pais, a sociedade en xeral, exerzan a paternidade e a maternidade dun xeito máis responsable. Esta seguranza continúa alentando un futuro no que a formación das nais e dos pais se converta nunha realidade estendida e universalizada.

Bibliografía
Centro de Investigaciones Sociológicas. CIS. Barómetro de Febrero. Estudio n.º 2788. 2009.
PAZ COMBARRO, S. e ARMESTO RODRÍGUEZ, C. (1999) *Preescolar na Casa: unha utopía realizable*. Lugo, Preescolar en la Casa, Cáritas.
Red de atención a la infancia de la Comisión Europea: Objetivos de calidad en los Servicios Infantiles, 1996.
Recomendación Rec (2006) 19 del Comité de Ministros a los Estados Miembros sobre políticas de apoyo al ejercicio positivo de la parentalidad.

www.preescolarnacasa.org

XUNTA DE GALICIA © Xunta de Galicia - Contacta coa Revista Galega do Ensino - Accesibilidade
Pode subscribirse a esta web cun lector de feeds